CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Agosto 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de agosto de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

AGOSTO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Agosto 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	523.721	7,8%	1.296.850	9,6%	2,48	1,7%	75,32%	5,01
PENSIÓNS	182.293	-16,2%	321.105	-6,0%	1,76	12,1%	46,29%	-1,65
ESTAB. HOTELEIROS	**706.014**	**0,4%**	**1.617.955**	**6,1%**	**2,29**	**5,7%**	**66,85%**	**3,27**
APTOS. TURÍSTICOS	27.439	13,0%	119.088	3,5%	4,34	-8,5%	62,67%	2,01
CÁMPINGS	111.448	-5,3%	418.300	-3,5%	3,75	1,9%	43,07%	-1,07
TURISMO RURAL	41.992	-1,8%	118.847	-0,1%	2,83	1,7%	54,80%	1,38
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**180.879**	**-2,1%**	**656.235**	**-1,7%**	**3,63**	**0,4%**	**-**	**-**
TOTAL	**886.893**	**-0,1%**	**2.274.190**	**3,7%**	**2,56**	**3,8%**	**-**	**-**

- No pasado mes de agosto Galicia rexistra un incremento global do volume de demanda turística regrada superando nun 3,7% o nivel de pernoctacións do pasado ano –situándose en algo máis de 2,27 millóns-. Tal circunstancia vén como consecuencia dunha mellora da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable en comparación co mes de agosto de 2016 –acadando 887 mil no conxunto da comunidade-.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística en Galicia no mes de agosto. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 os niveis de demanda comezan en 2013 unha senda positiva superando nun 6,9% as cifras do ano anterior e que terá continuidade en 2014 –cunha suba do 4,6%-, en 2015 –do 5,1%-, en 2016 –do 8,8%- e agora en 2017 –do 3,7%-. Esta tendencia positiva eleva o volume global de demanda a máis de 2,27 millóns de noites, cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade neste segundo mes do verán.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica difire do comentado anteriormente. Rexístrase neste ano un estancamento que rompe dalgunha maneira cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores e que levaran a achegarse á cifra dos 890 mil viaxeiros neste oitavo mes do ano. A pesar da estabilidade o volume final mantense en niveis elevados con preto de 887 mil no conxunto da comunidade.
- É o sexto mes neste ano 2017 no que se observa un comportamento positivo da demanda en relación ao pasado ano. Logo do incremento rexistrado en xaneiro, do 2,2%, a demanda turística

cae en febreiro e marzo para voltar á senda de crecemento a partir de abril e ata agosto. O resultado global destes oito meses é un incremento global da demanda turística a nivel da comunidade autónoma, do 5,1%, situando o volume de pernoctacións en máis de 7,6 millóns –cifra que supón un máximo histórico na comunidade-.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Agosto 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na perda de pouco máis de mil viaxeiros aloxados mais na xeración de preto de 82 mil novas pernoctacións en relación ao mes de agosto de 2016.
- A nivel estatal obsérvase unha leve mellora da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,5%- así como do volume de noites –que sobe neste caso un 1,3%-. Son incrementos parellos en intensidade que veñen como consecuencia do bo comportamento observado en grande parte das comunidades autónomas. Seis delas conforman a excepción por canto os niveis de demanda –medida en número de noites- mantéñense estables –no País Vasco, Canarias, Estremadura e Castela A Mancha- ou caen levemente -en Baleares e Cantabria-.
- A Rioxa, cun incremento do 12,0%, é o destino que presenta neste mes de agosto o crecemento de maior intensidade –en termos porcentuais-. Sitúase por diante dun grupo de comunidades localizadas no centro e norte peninsular que amosan neste segundo mes do verán un comportamento significativo. Son Madrid –destino no que o volume de noites sobe un 7,2%-, Aragón –cun 6,1%- e Galicia –cun 3,7% neste caso-.
- Así pois, a nosa comunidade sitúase entre as máis dinámicas en termos de crecemento do número de noites regradas neste mes de agosto.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a situación é semellante por canto A Rioxa lidera novamente o incremento no conxunto do Estado cun 15,7% interanual. Neste caso son dous os destinos que amosan niveis semellantes aos de agosto de 2016 –entre os que se atopa Galicia- e tres os que presentan caídas –Baleares, Cantabria e Castela A Mancha-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a sétima posición representando o 3,2% do total de España. Cataluña é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada

con preto de 16,3 millóns de pernoctacións no mes de agosto –o 22,6% do total-. Sitúanse a continuación Baleares –con pouco máis de 13,2 millóns de pernoctacións-, Canarias –con preto de 10,4 millóns- e Andalucía –con máis de 9,8 millóns neste caso-. Nun segundo grupo localízanse a C. Valenciana –con 7,9 millóns- e Madrid –con pouco máis de 2,3 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 83% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En agosto o 71,1% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 57,0%- como ás pensións –co 14,1% neste caso-. O 28,9% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 5,2% da demanda total- aos cámpings –co 18,4%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 5,2% neste caso-.
- Esta estrutura da demanda aseméllase bastante á observada no pasado mes de xullo.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Agosto 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso se ben neste mes de agosto –igual que en xullo- a porcentaxe é menor á rexistrada nos primeiros seis meses do ano –consecuencia do maior peso que adquiren as modalidades extrahoteleiras, singularmente os cámpings-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento dispar e variado tanto na dirección coma na intensidade. Dúas son as modalidades que melloran os niveis de agosto de 2016: os hoteis –cun incremento do 9,6%- e os apartamentos turísticos –cunha suba do 3,5% neste caso-. En ambos casos a mellora vén da man do crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados.
- A demanda mantense estable nos establecementos de turismo rural e cae tanto nas pensións –un 6,0%- coma nos cámpings –un 3,5% neste caso-. En ambas tipoloxías obsérvase unha caída paralela da cifra de viaxeiros aloxados que explican en boa medida o descenso global en relación a agosto de 2016.

- En termos agregados obsérvase un incremento da demanda no segmento hoteleiro –hoteis e pensións- do 6,1% mais unha caída no segmento extrahoteleiro –apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- do 1,7% en relación ao pasado ano.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Agosto 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de 93 mil noites no segmento hoteleiro mais na perda de máis de 11 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de agosto do pasado ano. O comportamento non é por tanto homoxéneo.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu diferenza de comportamento entre os hoteis e as pensións. Esta diferenza trasládase ademais ás diversas categorías. En consecuencia, sobe a demanda en todos os segmentos dos hoteis, sendo especialmente intenso o crecemento naqueles de menor categoría –hoteis de dúas e unha estrela, con subas do 19% e 13% respectivamente-. Nos hoteis de catro e cinco estrelas, de maior peso na estrutura da demanda, o crecemento sitúase no 4,5%.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento dispar. Increméntase a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 8%- mais cae nas de unha estrela –un 20% neste caso-.
- Neste mes de agosto o 82% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 18% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e difiren levemente da estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 76% mentres que o internacional representa o 24%-. Esta distribución aseméllase a observada no primeiro trimestre do ano e tamén ao mes de xullo cando o turismo estranxeiro representaba preto do 18%. Difire sen embargo do perfil da temporada media –mes de maio por exemplo- cando ascendía ao 42% dos viaxeiros e o 36% das noites.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Agosto 2017



- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de agosto. O turismo nacional presenta un comportamento positivo superando nun 4,7% os niveis de demanda do pasado ano como consecuencia do leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media na nosa comunidade. Son cinco anos de crecemento consecutivo do turismo nacional en Galicia no mes de agosto situando o nivel deste 2017 en pouco máis de 1,86 millóns de noites –dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade-. Nunca antes este segmento de mercado superara a cifra de 1,8 millóns de noites neste segundo mes do verán.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Agosto 2017/16



- O turismo internacional presenta en cambio resultados negativos –por vez primeira en moitos meses- con caídas tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,3%- coma do volume de noites –do 0,6% neste caso-. O descenso é suave, pouco relevante en termos globais, mais importa por canto supón unha ruptura da tendencia positiva dos últimos anos. De feito o turismo

internacional viña crecendo de forma consecutiva desde 2013 –no mes de agosto- chegando a superar as 400 mil noites neste oitavo mes do ano.

- Neste 2017 o mercado internacional rexistra 412 mil noites, cifra levemente inferior á do pasado ano mais superior á de anos anteriores.
- En termos relativos o mes de agosto é sempre moi relevante para o turismo nacional, representando sempre máis do 80% do total da demanda regrada. Neste 2017 o peso sitúase no 82% do total quedando o internacional con apenas o 18% de cuota de mercado. É un reparto moi diferente do que se observa, por exemplo, nos meses de temporada media mais responde ben a un perfil propio do período estival.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado difire en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos melloran os niveis de demanda no sector hoteleiro –un 6,5% o nacional e un 4,5% o internacional- mais presentan un comportamento diferente no conxunto da oferta extrahoteleira –o turismo nacional mellora neste caso un 0,8% pero o internacional cae un 13%. Así pois, o mal comportamento do turismo estranxeiro concéntrase por tanto no ámbito extrahoteleiro e particularmente nos cámpings –onde cae un 20%-. Sobe e mellora nos apartamentos turísticos e mantense estable no segmento do turismo rural.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 2,56 noites, cifra que supera nun 3,8% o dato do pasado ano. É o segundo ano consecutivo no que se observa unha mellora da estadía media na nosa comunidade neste mes de agosto –logo dunha serie de caídas consecutivas nos anos anteriores- conseguindo desta maneira superar a cifra de 2,5 noites, o dato máis elevado dos últimos cinco anos.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 4,3 e 3,8 noites de media respectivamente neste mes de agosto. As restantes tres tipoloxías rexistran cifras máis baixas, de 2,8 noites nos establecementos de turismo rural, de 2,5 noites nos hoteis e de menos de 1,8 noites nas pensións –tipoloxía que unha vez máis rexistra o dato máis baixo de toda a oferta regrada-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Agosto 2017



- Tal como corresponde a un mes de temporada alta as cifras de estadía media en cada unha das diferentes tipoloxías de aloxamento son elevadas e superiores ás rexistradas en temporada media ou baixa –salvo no caso das pensións onde ocorre exactamente o contrario-.
- A estadía media sobe e mellora en todas as tipoloxías coa excepción dos apartamentos turísticos –segmento onde cae un 8,5%-. O incremento é notable nas pensións –do 12%- e moi suave nas restantes tres modalidades –de apenas un 2% nos hoteis, cámpings e establecementos de turismo rural-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia sendo novamente Canarias –cunha media de 8,0 noites- o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 6,3 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 5,1 noites- e Cataluña –que rexistra unha media de 4,7 noites neste caso-. No lado contrario son Castela A Mancha e Estremadura as comunidades que presentan o valor máis baixo con dúas noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Agosto 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase tamén un comportamento dispar. Sobe e mellora nos hoteis –en cinco puntos porcentuais-, nos apartamentos turísticos –en dous puntos- e nos establecementos de turismo rural –en pouco máis dun punto neste caso-, como consecuencia de variacións positivas do lado da demanda nos dous primeiros e do descenso da oferta dispoñible neste último.
- Descende en cambio a ocupación nas pensións –en 1,6 puntos- e nos cámpings –en case 1,1 puntos- por mor dun descenso da demanda en ambos casos.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presenta o nivel de ocupación máis elevado cun 75,3% de media neste mes –cifra superior á de meses anteriores-. Os apartamentos turísticos acadan tamén unha cifra importante cun 62,7% neste caso. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings cunha ocupación media do 43,1%.